

# Concello de Mondariz

**Expediente núm.:** 699/2018

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Procedemento de Contratación

**Interesado:** \_\_\_\_\_

**Data de iniciación:** 17/09/2018

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da memoria xustificativa da necesidade de contratación e dos seguintes antecedentes:

- Resolución do Director Xeral de Agader de 15 de maio de 2018 pola que se concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro do Plan de Mellora de camiños Municipais 2018-2019 financiado con fondos da Consellería de Medio Rural, por importe de 48.515,00 € para realización da actuación “Mellora de camiños municipais en Cernadela (Riofrío) e nos lugares de O Costal e O Couto (Sabaxáns)” distribuída nas seguintes anualidades:
  - o 2018: 24.257,50 €
  - o 2019: 24.257,50 €
- Mediante Resolución de Presidencia da Deputación de Pontevedra de 21 de maio de 2018 se concede unha subvención ó Concello de Mondariz no PLAN CONCELLOS 2018/2019 LIÑA 1(INVESTIMENTOS) con destino ó financiamento da achega municipal ó convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora de camiños municipais en Cernadela (Riofrío) e nos lugares de O Costal e O Couto (Sabaxáns)” por importe de 10.188,15 € distribuída nas seguintes anualidades:
  - o 2018: 10.188,15 €
- Decreto de Alcaldía nº 85 de 21 de febreiro de 2018 polo que se aproba o proxecto técnico denominado “Mellora de camiños municipais en Cernadela (Riofrío) e nos lugares de O Costal e O Couto (Sabaxáns)”.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Mellora de camiños municipais en Cernadela (Riofrío) e nos lugares de O Costal e O Couto (Sabaxáns)			
Procedemento: aberto		Tramitación: urxente	Tipo de contrato: obras
Clasificación CPV: 45233000	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación: 48.515,00€	Impostos: 10.188,15		Total: 58.703,15
Valor estimado do contrato: 48.515,00 euros			
prazo execución: 1 mes			
Garantía provisional: Non		Garantía definitiva: 5%	Garantía complementaria: Non

Visto informe de Intervención asinado o 17 de setembro respecto do órgano competente para levar a cabo a contratación obxecto deste expediente.

Visto informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable así como o procedemento a seguir respecto da presente contratación asinado en data 17 de setembro de 2018.



# Concello de Mondariz

---

Visto o informe específico asinado polo órgano de contratación o 17 de setembro en cumprimento da Disposición adicional decimoquinta da Ley 9/2017 de Contratos do Sector Público relativo *as razóns polas que se considere necesario utilizar medios distintos dos electrónicos*.

Tendo en conta os prazos para executar o investimento e xustificar as subvencións concedidas establecidos polas bases reguladoras das mesmas e atendendo ó prazo de execución previsto no proxecto técnico aprobado por Decreto de Alcaldía e de acordo co artigo 119 da LCSP resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interés público.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.** Declarar a urxencia da presente contratación motivada polas razóns de interés público derivadas dos prazos establecidos polas bases reguladoras das subvencións que financian este investimento e que esixen acelerar a súa adxudicación e Iniciar o expediente para a contratación da obra Mellora de camiños municipais en Cernadela (Riofrío) e nos lugares de O Costal e O Coto (Sabaxáns) mediante procedemento aberto e tramitación urxente.

**SEGUNDO.** Aprobar a memoria xustificativa asinada polo órgano de contratación o 17 de setembro de 2018 e proceder á súa publicación no perfil do contratante en aplicación do artigo 63.3 da Ley 9/2017 e xustificar como motivos para a celebración do contrato: *“mellorar a red municipal de estradas, reparando as estradas e pistas asfaltadas, e pavimentando completamente as pistas que se encontran en terra. Neste proxecto se plantexan as actuacións necesarias para unir os dous camiños de forma que se consiga un camiño de acceso polo interior de Bouzabán, evitando dar un rodeo de varios kilómetros gracias á construción do vial de conexión. Ademais se evita a obriga actual de acceder á carretera autonómica PO-9202, para moverse polo interior do lugar. Por outra parte, os dous camiños de Sabaxáns, en O Costal e O Coto, poseen un firme de aglomerado, pero se encontra moi deteriorado polo paso do tempo, xa que son vías moi transitadas. Coa nova pavimentación se pretende mellorar o servizo que ofrecen para os seus usuarios”,* quedando acreditado que a contratación proxectada mediante un contrato de obras é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.

**TERCEIRO.** Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares servindo como prego de prescricións técnicas o proxecto aprobado por Decreto nº 85 de 21 de febreiro, que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

**CUARTO.** Que, pola Intervención municipal, fágase a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

**QUINTO.** De ser favorable a fiscalización previa, que se emita Informe-Proposta de Secretaría respecto diso.

**SEXTO.** Dar conta de todo o actuado a esta Alcaldía para resolver o que proceda.

(documento asinado electrónicamente)

